

RUTA O CGAC E OUTROS ESPAZOS DA ARQUITECTURA COMPOSTELÁ 2023

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Do 14 de xaneiro ao 16 de decembro de 2023

Horario: de 11:00 a 13:30 h



A arquitectura e o urbanismo contemporáneos son os grandes descoñecidos da cidade de Compostela. Esta ruta recolle unha mostra das actuacións feitas nos últimos cincuenta anos que, de forma continua, foron definindo e singularizando a zona norte da cidade. Falaremos da relación entre a arquitectura e a paisaxe, do diálogo entre a tradición e a modernidade, da pedra e das novas linguaxes arquitectónicas.

Partiremos do exterior do CGAC e falaremos da importancia desta primeira obra de Álvaro Siza Vieira en Santiago de Compostela. Continuaremos a camiñada deténdonos noutros fitos da arquitectura contemporánea compostelá, como o conxunto da avenida Xoán XXIII; a Biblioteca Pública de Santiago, Ánxel Casal, de Andrés Perea; a residencia do presidente da Xunta de Galicia, de Manuel Gallego Jorreto; a quinta Simeón, tamén coñecida como parque de Vista Alegre, con intervencións de César Portela, Arata Isozaki e Antón García Abril; e o Auditorio de Galicia, de Julio Cano Lasso.

Remataremos o paseo, regresando á arquitectura de Siza Vieira, na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.

A finalidade última desta actividade é animar a todas as persoas participantes a pasear pola cidade e a que descubran as arquitecturas e os espazos urbanos máis novos.

CALENDARIO

14 de xaneiro. Prazo de inscrición: 9 e 10 de xaneiro
11 de febreiro. Prazo de inscrición: 6 e 7 de febreiro
25 de marzo. Prazo de inscrición: 20 e 21 de marzo
29 de abril. Prazo de inscrición: 24 e 25 de abril
20 de maio. Prazo de inscrición: 11 e 12 de maio
10 de xuño. Prazo de inscrición: 5 e 6 de xuño
23 de setembro. Prazo de inscrición: 18 e 19 de setembro
28 de outubro. Prazo de inscrición: 23 e 24 de outubro
11 de novembro. Prazo de inscrición: 6 e 7 de novembro
16 de decembro. Prazo de inscrición: 11 e 12 de decembro

La arquitectura y el urbanismo contemporáneos son los grandes desconocidos de la ciudad de Compostela. Esta ruta recoge una muestra de las actuaciones realizadas en los últimos cincuenta años que, de forma continua, han ido definiendo y singularizando la zona norte de la ciudad. Hablaremos de la relación entre la arquitectura y el paisaje, del diálogo entre la tradición y la modernidad, de la piedra y de los nuevos lenguajes arquitectónicos.

Partiremos del exterior del CGAC y hablaremos de la importancia de esta primera obra de Álvaro Siza Vieira en Santiago de Compostela. Continuaremos la caminata deteniéndonos en otros hitos de la arquitectura contemporánea compostelana, como el conjunto de la avenida Xoán XXIII; la Biblioteca Pública de Santiago, Ánxel Casal, de Andrés Perea; la residencia del presidente de la Xunta de Galicia, de Manuel Gallego Jorreto; la finca Simeón, también conocida como parque de Vista Alegre, con intervenciones de César Portela, Arata Isozaki y Antón García Abril; y el Auditorio de Galicia, de Julio Cano Lasso.

Finalizaremos el paseo, regresando a la arquitectura de Siza Vieira, en la Facultad de Ciencias da Comunicación de la Universidad de Santiago de Compostela.

La finalidad última de esta actividad es animar a todas las personas participantes a pasear por la ciudad y a que descubran las arquitecturas y los espacios urbanos más nuevos.

CALENDARIO

14 de enero. Prazo de inscrición: 9 y 10 de enero
11 de febrero. Prazo de inscrición: 6 y 7 de febrero
25 de marzo. Prazo de inscrición: 20 y 21 de marzo
29 de abril. Prazo de inscrición: 24 y 25 de abril
20 de mayo. Prazo de inscrición: 11 y 12 de mayo
10 de junio. Prazo de inscrición: 5 y 6 de junio
23 de septiembre. Prazo de inscrición: 18 y 19 de setembro
28 de outubro. Prazo de inscrición: 23 y 24 de outubro
11 de noviembre. Prazo de inscrición: 6 y 7 de novembro
16 de diciembre. Prazo de inscrición: 11 y 12 de diciembre

CARMEN REY (Santiago de Compostela, A Coruña, 1970)
Titulada superior en Arquitectura, na especialidade de Edificación, pola Universidade da Coruña, traballa no exercicio libre da profesión desde o ano 2000.

Como integrante da Xunta de Delegación de Santiago do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, desde xullo de 2016 representa esta institución como membro (titular e suplente) do Grupo Relator Técnico e da Comisión Asesora de Patrimonio Histórico do Plan especial da cidade histórica de Santiago (PE-1) do Concello de Santiago.

Ademais, é socia de Arquitectos sen Fronteiras de Galicia e, desde marzo de 2019, membro individual do Comité Nacional Español de ICOMOS.

CARMEN REY (Santiago de Compostela, A Coruña, 1970)
titulada superior en Arquitectura, en la especialidad de Edificación, por la Universidad de A Coruña. Trabaja en el ejercicio libre de la profesión desde el año 2000.

Como integrante de la Xunta de Delegación de Santiago del Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia, desde julio de 2016 representa esta institución como miembro (titular y suplente) del Grupo Ponente Técnico y de la Comisión Asesora de Patrimonio Histórico del Plan especial de la ciudad histórica de Santiago (PE-1) del Ayuntamiento de Santiago.

Además, es socia de Arquitectos sin Fronteras de Galicia y, desde marzo de 2019, miembro individual del Comité Nacional Español de ICOMOS.

INSCRIPCIÓN

A actividade é de balde e para participar é necesario inscribirse previamente enviando unha mensaxe electrónica a cgac.educacion@xunta.gal cos seguintes datos: nome completo, número de teléfono, enderezo electrónico e estudos, área de traballo ou interese. Poderanse inscribir un máximo de dous participantes mediante cada solicitude. As prazas cubriranse por orde de inscrición. As persoas solicitantes recibirán unha notificación por correo electrónico.

PRAZAS: 20

DIRECCIÓN: Carmen Rey

COORDINACIÓN: Virginia Villar

INSCRIPCIÓN

La actividad es gratuita y para participar es necesario inscribirse previamente enviando un mensaje electrónico a cgac.educacion@xunta.gal con los siguientes datos: nombre completo, número de teléfono, dirección electrónica y estudios, área de trabajo o interés. Se podrán inscribir un máximo de dos participantes mediante cada solicitud. Las plazas se cubrirán por orden de inscripción. Las personas solicitantes recibirán una notificación por correo electrónico.

PLAZAS: 20

DIRECCIÓN: Carmen Rey

COORDINACIÓN: Virginia Villar



DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2

15703, Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 602/31

cgac.educacion@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal